UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Regulamento dos Traballos Fin de Grao (TFG) da titulación de Grao en Dereito, impartida na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña

PREÁMBULO 2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais 2
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación 2
Artigo 2. Natureza e características do traballo de fin de Grao 2
CAPÍTULO II. Órganos competentes 3
Artigo 3. A Comisión dos traballos de fin de Grao 3
Artigo 4. O Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao 4
CAPÍTULO III. Matrícula, Calendario Académico e Actas 4
Artigo 5. 4
CAPÍTULO IV. Obrigas do estudantado 5
Artigo 6. 5
CAPÍTULO V. Tutela académica 5
Artigo 7. O profesorado e o traballo de fin de Grao 5
Artigo 8. Obrigas do titor ou titora 6
CAPÍTULO VI. Casos prácticos e asignación dos traballos de fin de Grao 6
Artigo 9. Elaboración dos casos prácticos 6
Artigo 10. Procedemento para a asignación de traballo de fin de Grao 7
CAPÍTULO VII. Depósito, defensa e avaliación do traballo de fin de Grao 7
Artigo 11. Requisitos para a presentación 7
Artigo 12. Requisitos para a avaliación 7
Artigo 13. O informe do titor ou titora 8
Artigo 14. O tribunal de avaliación 8
Artigo 15. Presentación dos traballos de fin de Grao 9
Artigo 16. Criterios de avaliación 9
CAPÍTULO VIII. Publicación e revisión das cualificacións 10
Artigo 17. Publicación das cualificacións 10
Artigo 18. Revisión das cualificacións 10
CAPÍTULO IX. Matrículas de Honra 10
Artigo 19. Matrículas de Honra 10
Artigo 20. Consulta e publicación dos traballos de fin de Grao 10
Artigo 21. Medidas de confidencialidade, propiedade intelectual e prevención de riscos en relación cos traballos de fin de Grao 10
CAPÍTULO X. Disposicións Finais 11
Primeira. Disposición derrogatoria. 11
Segunda. Disposicións de desenvolvemento e resolución de dúbidas interpretativas 11

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 1 de un total de 13 página(s).

Terceira. Entrada en vigor 11
ANEXOS 13
ANEXO I: Condicións académicas para a matrícula no TFG e para a súa defensa.....13
ANEXO II: Depósito do TFG e solicitude de defensa 13

PREÁMBULO

Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM) da Universidade da Coruña (UDC), actualmente vixente, co obxectivo de garantir unha xestión homoxénea, transparente e eficiente dos traballos fin de grao na titulación de Grao en Dereito, impartida na Facultade de Dereito da UDC.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este Regulamento, que será de aplicación a todo o estudantado matriculado na materia Traballo Fin de Grao da titulación regulada por esta normativa, contén as normas relativas á definición, elaboración, presentación, avaliación e tramitación administrativa do traballo de fin de Grao previsto no plan de estudos da titulación de ***Grao en Dereito*** pola Universidade da Coruña, de acordo coas directrices establecidas pola ***Normativa de matrícula e defensa do traballos de fin de Grao (TFG) e fin de Mestrado da Universidade da Coruña***, actualmente vixente.

2. O contido deste regulamento complétase co resto de regulamentacións e procedementos da Universidade da Coruña que se atoparen en vigor e que se referiren, entre outros aspectos, ao sistema de avaliación, ao recoñecemento e á transferencia de créditos, así como á mobilidade de estudantes.

3. A proposta do Decanato, a Comisión de Docencia do centro xestionará todo o proceso relativo aos traballos de fin de Grao e asegurará a aplicación deste regulamento.

4. No caso do Programa de Simultaneidade de Estudos entre o Grao en Dereito e o Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE), o TFG réxese polos acordos da normativa específica que o regula e de forma subsidiaria, no que proceder, por este regulamento.

Artigo 2. Natureza e características do traballo de fin de Grao

1. O traballo de fin de Grao forma parte do plan de estudos da titulación de Grao en Dereito pola Universidade da Coruña cunha carga lectiva de 6 créditos ECTS.

No caso do Grao en Dereito está asignado no plan de estudos ao segundo cuadrimestre do cuarto curso. Para os estudiantes do Programa de Simultaneidade do Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas, está asignado ao primeiro cuadrimestre do cuarto curso.

2. O traballo de fin de Grao supón a realización, por parte de cada estudante e de forma

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 2 de un total de 13 página(s).

individual, dun informe xurídico concreto ou da resolución dun caso práctico baixo a supervisión dun ou máis directores, conforme ao indicado no artigo 7 deste Regulamento.

Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do Grao.

3. O traballo de fin de Grao desenvolverase de acordo coa memoria de verificación do título e coa normativa reguladora da matrícula e defensa dos TFG/TFM da UDC, sen que poidan introducirse requisitos adicionais non previstos naquelas. A realización e defensa axustarase aos requisitos de matrícula e situación académica establecidos pola normativa xeral da UDC.

4. O traballo de fin de Grao non ten a natureza dun traballo investigador. Con todo, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá a quen o realizar segundo queda recollido no apartado h) do artigo 8 do RD 1791/2010 do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario.

5. O tema de que for obxecto o traballo de fin de Grao, tanto no seu nivel, como na súa extensión, e os seus obxectivos, deberá posibilitar que a/o alumna/o o realice no número de horas equivalentes aos créditos ETCS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establece.

O centro velará mediante os mecanismos de coordinación existentes no grao e a Comisión sinalada no artigo 1.3 por que isto se cumpra e, en consecuencia, poidan alcanzarse as taxas de eficiencia, éxito e gradación a que fai referencia a memoria do Grao.

6. A redacción do traballo de fin de Grao, así como a súa presentación, pódense efectuar en calquera dos idiomas que se utilizaron na impartición do Grao conforme ao disposto na memoria de verificación do título, sen prexuizo do establecido para o estudantado que curse o itinerario bilingüe. En todo caso, garantirase o dereito a elaborar e presentar os traballos en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma.

CAPÍTULO II. Órganos competentes

Artigo 3. A Comisión dos traballos de fin de Grao

1. A Comisión de Docencia da Xunta da Facultade de Dereito actúa como Comisión dos traballos de fin de Grao, encargada da xestión de todo o proceso dos traballos de fin de Grao na titulación degraduado en Dereito e no Programa de Simultaneidade do Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas.

2. Son funcións da Comisión dos traballos de fin de Grao:

a) Aprobar os criterios de elaboración da guía docente dos traballos de fin de Grao.

b) Establecer a convocatoria anual dos traballos de fin de Grao.

c) Aprobar as propostas dos casos e a súa asignación.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 3 de un total de 13 página(s).

d) Aprobar a asignación de titores e titoras.

e) Decidir sobre a modificación de titor ou titora asignado previa consulta aos afectados.

f) Establecer as datas de presentación dos traballos de fin de Grao dentro do período determinado polo calendario académico e a convocatoria anual dos traballos fin de Grao.

g) Informar as solicitudes de defensa non presencial do traballo de fin de Grao.

h) Resolver calquera incidencia relativa aos traballos de fin de Grao que non sexa competencia da Xunta de Facultade nin do Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao.

i) Exercer cantas outras funcións a Xunta da Facultade de Dereito lle encomende en relación coa xestión dos traballos de fin de Grao.

Artigo 4. O Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao

1. O Decano ou Decana, proporá a designación do membro do PDI que actuará como Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao.

2. Son funcións do Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao:

a) Solicitar dos Departamentos da titulación, unha relación de persoas dispostas a asumir as labors de titorización das persoas matriculadas.

b) Propoñer á Comisión dos traballos de fin de Grao a distribución de alumnos e alumnas entre os titores e titoras, procurando que sexa unha listaxe equilibrada en relación co número de traballos asignados a cada titor ou titora.

c) Distribuír, no seu caso, os alumnos e alumnas entre os tribunais de avaliación, procurando o equilibrio entre o número de traballos asignados a cada tribunal.

d) Fixar e publicar a data, hora e lugar da constitución de cada tribunal de avaliación, e de presentación dos traballos, de acordo coas datas de establecidas pola Comisión dos traballos de fin de Grao.

e) En xeral, promover a colaboración na aplicación do presente Regulamento e da Normativa Xeral da UDC en materia de traballos de fin de Grao, e exercer cantas funcións lle encomende a Comisión dos traballos de fin de Grao co mesmo obxecto.

CAPÍTULO III. Matrícula, Calendario Académico e Actas

Artigo 5.

1. A matrícula dos traballos de fin de Grao realizarase dentro do prazo xeral de matrícula establecido pola Universidade da Coruña, ou no período de ampliación da matrícula se o/a

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 4 de un total de 13 página(s).

alumno/a reúne os requisitos establecidos na normativa xeral da UDC, onde se indica que «sen prexuízo do disposto no artigo 16.1, para formalizar a matrícula do traballo de fin de grao (TFG), o alumnado poderá ter pendentes para completar os estudos, como máximo, 78 créditos, incluídos os correspondentes ao TFG», tendo en conta que «deberase matricular tamén de todas as materias necesarias para concluír o plan de estudos do grao» e aboar os prezos públicos que corresponderan de acordo co número de créditos asignados ao traballo de fin de Grao.

2. Os/as estudantes que participen en programas de mobilidade saínte ou dobres titulacións con outras universidades españolas ou estranxeiras, poderán matricularse do TFG mentres realizan o dito programa de mobilidade ou a estancia na outra universidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.

3. A matrícula dará dereito á defensa do TFG en dúas oportunidades no curso en que estea matriculado o/a alumno/a, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

4. No caso de que o/a estudante non obteña unha avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFG para poder dispor dunha nova convocatoria.

Unha vez formalizada a matrícula do TFG non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

5. O peche e entrega das actas de avaliación dos TFG aterase ao previsto no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno da UDC.

CAPÍTULO IV. Obrigas do estudantado

Artigo 6.

Son obrigas específicas do estudantado en relación cos traballo de fin de Grao:

a) Informar ao titor ou titora da evolución do traballo de fin de Grao.

b) Cumplir co plan de titorización deseñado polo profesorado titor.

c) Elaborar e presentar un traballo de fin de Grao orixinal e inédito nos termos establecidos neste Regulamento e, tamén, na normativa vixente na UDC, polo que o alumno ou alumna responde da autoría e orixinalidade da obra.

CAPÍTULO V. Tutela académica

Artigo 7. O profesorado e o traballo de fin de Grao

1. O traballo de fin de Grao debe ter un titor ou titora que asista ao alumno ou alumna na elaboración do traballo. Por razóns xustificadas, e previa a petición do alumno/a a Comisión dos traballos de fin de Grao poderá designar outro titor ou titora, un cotitor/a ou,

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 5 de un total de 13 página(s).

excepcionalmente, dous cotitores/as.

2. O titor ou titora será ordinariamente persoal docente e investigador das áreas de coñecemento que teñan adscrito o traballo de fin de Grao na titulación de graduado en Dereito.

3. Os Departamentos proporán ó coordinador ou coordinadora dos traballos de fin de Grao o nome das/os profesoras/es que realicen as labores de dirección e titoría en cada curso académico, que deberán ser aprobados pola Comisión de traballos de fin de Grao.

Artigo 8. Obrigas do titor ou titora

Son obrigas específicas do titor ou titora do traballo de fin de Grao:

a) Expoñerlle ao alumno ou alumna as características do traballo de fin de Grao e orientalo na súa elaboración.

b) Realizar un seguimento da elaboración do traballo de fin de Grao e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.

c) Emitir informe previo á defensa do traballo de fin Grao, onde se expoñan ao Tribunal as consideracións relativas ao proceso de titorización.

CAPÍTULO VI. Casos prácticos e asignación dos traballos de fin de Grao

Artigo 9. Elaboración dos casos prácticos

1. Os casos prácticos serán redactados polos membros dos tribunais e publicados na contorna virtual de aprendizaxe institucional da UDC cunha antelación mínima de 16 semanas antes da data de depósito.

2. Cada tribunal deberá propoñer, cando menos, tres casos por convocatoria, e cada un deles deberá recoller 5 preguntas para ser abordadas polo alumnado seguindo o esquema dun informe xurídico, tal e como se recolle nos apartados 2 e 3 do artigo 2.

Os supostos serán claros, coherentes e transversais, abranguendo varias ramas do ordenamento xurídico e/ou da teoría do Dereito.

3. Nos casos en que se presenten supostos ao abeiro de proxectos de aprendizaxe-servizo, cada alumna/o deberá poñerse en contacto co profesorado responsábel do programa e tomar contacto coa organización na que vaia prestar o seu servizo. Froito desta toma de contacto, deberase presentar, para a súa aprobación pola Comisión de traballos de fin de Grao, unha proposta de caso, con descrición da situación concreta que se vaia abordar e con indicación dos problemas de índole xurídica sobre os cales versará o informe.

O contacto co profesorado responsábel do programa deberá ter lugar, como mínimo con 16 semanas de antelación á data de depósito. A proposta de caso deberá ser presentada á Comisión de traballos de fin de Grao con 12 semanas de antelación á data de depósito. Unha vez aprobada unha proposta de caso pola Comisión de traballos de fin de Grao,

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 6 de un total de 13 página(s).

esta só poderá ser resolta pola/o alumna/o que a propuxera. Nestes casos, o/a profesor/a titor/a será algún membro do correspondente programa de aprendizaxe-servizo.

Artigo 10. Procedemento para a asignación de traballo de fin de Grao

1. A proposta do Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao á Comisión de traballos de fin de Grao aprobará a asignación de profesoras/es titoras/es ás/aos estudantes matriculadas/os na materia do traballo de fin de Grao, seguindo a orde alfabética de asignación tanto en relación cas/os titoras/es como coas/cos alumnas/os matriculadas/os, garantíndose en todo caso que todo o alumnado poida optar en igualdade ás propostas dispoñibles.

2. A listaxe contendo a asignación de profesoras/es titoras/es farase pública tanto no taboleiro de anuncios da Secretaría do centro, como na contorna virtual de aprendizaxe institucional da UDC e na páxina web do centro.

Calquera modificación posterior desta listaxe terá que efectuarse informando a/o alumna/o e o/a profesor/a afectado/a, e en calquera caso requirirá a aprobación pola Comisión de traballos de fin de Grao, que, de ser o caso, o autorizará e publicará.

CAPÍTULO VII. Depósito, defensa e avaliación do traballo de fin de Grao

Artigo 11. Requisitos para a presentación

1. Na oportunidade pertinente a/o estudante presentará unha solicitude de depósito e defensa do traballo de fin de Grao nas datas sinaladas no Calendario aprobado pola Comisión dos traballos de fin de Grao.

2. Rematado o prazo de solicitudes, a Administración do centro entregará a documentación que proceda á/ao secretaria/a do tribunal de avaliación.

3. As instrucións relativas ao depósito e solicitude de defense dos traballos de fin de Grao a través de SIGMA, figuran como Anexo II deste regulamento.

Artigo 12. Requisitos para a avaliación

1.Os traballos de fin de Grao poderán ser defendidos e avaliados dentro das oportunidades ordinarias de febreiro ou xunio, e nas oportunidades extraordinarias de xullo e/ou setembro, conforme ao disposto na normativa xeral da UDC e no calendario de avaliación de TFG da Facultade de Dereito.

2 Os traballos de fin de Grao só poden ser presentados e avaliados unha vez que se teña constancia de que o alumno ou alumna superou todos os ECTS necesarios para a obtención do título de graduado en Dereito, agás os correspondentes ao propio traballo.

Aqueles alumnos que cumpran os requisitos de avaliación por primeira vez na oportunidade extraordinaria de xullo, disporán, de ser preciso, dunha segunda data de avaliación na oportunidade extraordinaria de setembro.

3. No caso do Programa de Simultaneidade do Grao en Dereito e Grao en Administración e Dirección de Empresas, o requisito de ter superados ou non todos os créditos

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 7 de un total de 13 página(s).

correspondentes a cada un dos títulos, excepto os dos traballos de fin de estudos, para poder defender o traballo de fin de Grao, dependerá do disposto no devandito Programa no curso académico correspondente.

4. O Coordinador ou Coordinadora dos traballos de fin de Grao, en colaboración co Administrador ou Administradora da Facultade, verificará que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación.

Artigo 13. O informe do titor ou titora

1. O titor ou titora emitirá informe no que indicará se se cumpren os requisitos do artigo 2 deste Regulamento, se existen defectos substantivos insubsanables e calquera outra incidencia producida ao longo da titorización que considere oportuno reflectir para os efectos da avaliación do traballo de fin de Grao.

2. O informe do titor/a terá carácter non vinculante e non condicionará o exercicio do dereito do estudante/a á defensa do TFG, sen prexuízo de que o tribunal poida valorar a información recollida no mesmo.

Artigo 14. O tribunal de avaliación

1. O tribunal avaliará o TFG presentado segundo as modalidades de defensa permitidas polo regulamento, garantindo en todo caso a publicidade do acto, a presentación individual e a posibilidade de avaliación formal, conforme ao disposto na normativa xeral da UDC

2. O tribunal de avaliación do traballo de fin de Grao estará constituído da forma que se establece neste artigo e será nomeado pola Comisión de traballos de fin de Grao, previa proposta dos Departamentos de Dereito con sede no centro.

3. A determinación do número de tribunais en cada convocatoria e a designación dos seus membros é competencia da Comisión de traballos de fin de Grao, entre o profesorado proposto polos Departamentos aos que pertenzan as áreas de coñecemento que teñan adscrito o traballo de fin de Grao.

4. Cada tribunal está formado por tres membros titulares e tres suplentes, que deberán ser membros do profesorado que imparte o título de *Grao en Dereito* e ter a competencia lingüística precisa para a valoración dos traballos.

Os titores e titoras dos traballos de fin de Grao non poden formar parte dos tribunais de avaliación dos traballos que tutoricen.

A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa debidamente acreditada e notificada con antelación suficiente.

5. Nas actuacións do tribunal exercerá como Presidente o membro de maior categoría e máis antigo, e como Secretario o de menor categoría e máis novo. Este criterio non se verá alterado no caso de actuar algún/s membro/s suplente/s.

6. Unha vez constituído o tribunal de avaliación, este, de acordo coa coordinación dos traballos de fin de Grao, establecerá a orde de exposición dos estudantes no caso de

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 8 de un total de 13 página(s).

seren varios, así como o día, a hora e o lugar de realización das defensas dos traballos de fin de Grao.

7. O/a profesor/a que presida o tribunal de avaliación velará porque se realice a adecuada comunicación destes datos a todo o estudantado e o profesorado afectados.

Artigo 15. Presentación dos traballos de fin de Grao

1. A defensa realizarase en acto público e poderá adoptar as modalidades previstas neste Regulamento, de acordo coa normativa xeral da UDC.

2. O alumnado defenderá os seus traballos de fin de Grao pública e presencialmente. Excepcionalmente e por causa debidamente xustificada, o/a estudante poderá solicitar a defensa do seu traballo de fin de Grao nunha modalidade non presencial. Para tal fin, presentará unha solicitude motivada e debidamente acreditada ante o/a coordinador/a do centro con 15 días naturais de antelación á data de depósito. A Comisión de traballos de fin de Grao deberá informar favorablemente a solicitude, como trámite previo á defensa.

3. A presentación do traballo consiste nunha exposición oral na que deberá expoñer os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu traballo, cunha duración minima de oito minutos, e máxima de dez minutos. De seguido, o Presidente abrirá un debate entre os membros deste e o alumno/a, quen deberá atender as preguntas, as aclaracións, os comentarios e as suxestións que puideren formularlle os membros do tribunal de avaliación, por un tempo mínimo de tres minutos, e un máximo de dez minutos.

4. No caso de que o alumno/a deposite o traballo de fin de Grao e non compareza ao acto de presentación, a cualificación será “non presentado”.

Artigo 16. Criterios de avaliación

1. Celebrado o acto de presentación pública do traballo de fin de Grao, o tribunal de avaliación valorará de 0 a 10 ós seguintes aspectos do traballo de fin de Grao:

a) Contido do traballo, o que inclúe o cumprimento dos obxectivos propostos, a orixinalidade, a adecuación e desenvolvemento das tarefas formuladas, as dificultades e as conclusións, entre outros aspectos.

b) Presentación escrita do traballo de fin de Grao, o que inclúe a estruturación, a redacción e a corrección ortográfica, entre outros aspectos.

c) Exposición oral e debate co tribunal de avaliación, o que inclúe a concisión, a claridade, o cumprimento do tempo establecido e a defensa do traballo, entre outros aspectos.

16.2. A cualificación final outorgada ao traballo de fin de Grao obtense de acordo coa seguinte puntuación:

Contido do traballo e presentación escrita: de 0 a 5.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 9 de un total de 13 página(s).

Exposición oral: de 0 a 2.

Debate co tribunal de avaliación: de 0 a 3.

16.3. Para outorgar a cualificación final a cada traballo de fin de Grao os tribunais de avaliación terán en conta o informe do correspondente titor ou titora, que non terá carácter vinculante.

16.4. A cualificación final é a resultante da media aritmética, expresada cun só decimal, das cualificacións atribuídas por cada un dos membros do tribunal de avaliación.

CAPÍTULO VIII. Publicación e revisión das cualificacións

Artigo 17. Publicación das cualificacións

O profesor ou profesora que actúe como Secretario do tribunal de avaliación fará públicas as cualificacións, no taboleiro da Facultade e na contorna virtual de aprendizaxe institucional da UDC, nun prazo máximo de tres días lectivos desde a data de defensa dos traballos.

Artigo 18. Revisión das cualificacións

A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos traballos fin de Grao levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da Universidade da Coruña.

CAPÍTULO IX. Matrículas de Honra

Artigo 19. Matrículas de Honra

Unha vez rematada a última convocatoria para a presentación dos traballos de fin de Grao do curso académico, a Comisión dos traballos de fin de Grao, oídas as propostas dos distintos tribunais de avaliación, pode outorgar “Matrícula de Honra” a aqueles traballos que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9, sen que o número de matrículas de honra poida exceder do límite establecido pola normativa da Universidade da Coruña.

Artigo 20. Consulta e publicación dos traballos de fin de Grao

1. A Comisión encargada dos traballos de fin de Grao proporá a publicación dos traballos cualificados con “Matrícula de Honra” no Repositorio Institucional da Universidade da Coruña. Para isto, a Administración do centro porá ao dispor do Servizo de Biblioteca unha copia en formato electrónico de cada uns dos traballos seleccionados.

2. En caso de que o/a autor/a do traballo de fin de Grao non autorice o depósito e a publicación deste no Repositorio Institucional da Universidade da Coruña, deberá solicitalo ante a Comisión de traballos de fin de Grao.

Artigo 21. Medidas de confidencialidade, propiedade intelectual e prevención de riscos en relación cos traballos de fin de Grao

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 10 de un total de 13 página(s).

1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFG corresponderá á persoa autora do traballo, sen prexuízo de que poidan compartirse eses dereitos se así o acordan o/a autor/a e as persoas implicadas na súa elaboración.

2. A confidencialidade poderá solicitarse exclusivamente cando resulte indispensable para a protección dos intereses lexítimos da entidade colaboradora, ou para evitar prexuízos derivados da divulgación pública de información sensible que afecte á Universidade, á entidade colaboradora ou a terceiros. Se así o considerasen a persoa titora ou o/a estudante adoptaranse as medidas necesarias que garantan a confidencialidade dos TFG durante todo o proceso de oferta, realización, depósito, defensa, avaliación e publicación, logo da solicitude ao decanato por parte do/a titor/a ou o/a estudante ou de ambos, sen menoscabar o carácter público do acto de defensa nin a avaliación académica dos traballos. As instrucións e medidas específicas poderán consultarse no Protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento dos traballos fin de grao e fin de mestrado na UDC. En atención ás causas alegadas, o decanato emitirá unha resolución motivada sobre a procedencia ou non da solicitude e, se é o caso, das medidas a adoptar no prazo máximo de 7 días, indicando especialmente os límites a ter en conta no momento do depósito do traballo e do seu envío ao tribunal avaliador, durante a defensa e a avaliación, tendo en conta a obrigatoriedade de que o acto de defensa sexa público, así como na publicación do TFG no RUC, se procede.

3. No relativo á prevención de riscos, este regulamento estará ao disposto no artigo 42 do Estatuto do Estudantado da Universidade da Coruña (Aprobado polo Claustro Universitario o 29 de maio de 2007), alí donde indica que a «Universidade garantirá que os estudantes desenvolvan a súa actividade académica nas debidas condicións de seguridade e hixiene», tendo en conta ademáis, que os «centros disporán dun botiquín de primeiros auxilios axeitado as actividades que nos mesmos se leven a cabo».

CAPÍTULO X. Disposicións Finais

Primeira. Disposición derrogatoria.

Quedan derrogados os seguintes regulamentos, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto no presente regulamento:

a) **Regulamento do Traballo Fin de Grao en Dereito** (Modificado pola Comisión de Docencia os días 3 de maio do 2013, 13 de setembro de 2019, 28 de setembro de 2020, 28 de setembro de 2021 e 14 de xullo de 2022)

Segunda. Disposicións de desenvolvemento e resolución de dúbidas interpretativas

Corresponde ao Decanato do Facultade de Dereito, co asesoramento da Comisión de traballos de fin de Grao, aprobar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e interpretación deste Regulamento, así como resolver as dúbidas que xurdan na súa aplicación.

Terceira. Entrada en vigor

Este Regulamento entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Taboleiro

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 11 de un total de 13 página(s).

Electrónico Oficial (TEO) da UDC, de conformidade coa Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM, e será de aplicación a partir do curso académico 2026/2027.

O decano da Facultade de Dereito.
Xulio Xosé Ferreiro Bahamonde

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 12 de un total de 13 página(s).

ANEXOS

ANEXO I: Condicións académicas para a matrícula no TFG e para a súa defensa.

1. Para formalizar a matrícula do TFG, a/o alumna/o poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluidos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do Grao.

2. Para a súa defensa deberá ter superados todos os créditos do plano de estudos con excepción dos correspondentes ao TFG.

ANEXO II: Depósito do TFG e solicitude de defensa

1. O TFG deberá presentarse para o seu depósito e solicitarse a súa defensa nos prazos legais que se sinalen en cada convocatoria.

2. O procedemento para depositar e solicitar a defensa do traballo de fin de Grao debe axustarse á seguinte secuencia:

a) O alumno realizará a súa inscripción a través de SIGMA, no apartado relativo a «Inscripción en un período de defensa».

b) A continuación, na lapela «Documentación Final Entregada», engadirá o documento completo correspondente ao traballo de fin de Grao.

c) Os prazos para a presentación das solicitudes serán os aprobados pola Comisión de traballos de fin de Grao para cada curso académico, e debidamente publicados no taboleiro da Facultade, na páxina web e na contorna virtual de aprendizaxe institucional da UDC.

d) É preceptivo nomear os arquivos a presentar do seguinte xeito:
- PDF do traballo:

T-Grao-Apelidos-Nome(DNI).pdf
Exemplo: T-Grao-García López-Dolores (64109325Z).pdf

e) De non recibirse correctamente o arquivo, non se considerará depositado o traballo e, polo tanto, non poderá defenderse.

f) En caso de dúbida o aclaración, dirixir as consultas á Administración do centro (administracion.dereito@udc.gal).

3. Polo que se refire aos criterios de redacción, farase en papel DIN A-4, letra Times New Roman, 12, en texto, e 10 en notas ao pé da páxina, con espazado interlineal sinxelo. Non se fixa unha extensión mínima, pero si unha máxima de 50 folios (sen que computen os Anexos).

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: NS6HPCJF23BP5GMRCAKKTQJ7
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 16/10/2026 12:57:47 Página 13 de un total de 13 página(s).